



18-decembro-2020

Á atención dos país/nais alumnado 4º EP

Remata o primeiro trimestre do curso que, afortunadamente puidemos desenvolver de xeito presencial e, aínda que coas limitacións que supoñen as normas, cun bo aproveitamento.

De cara ao segundo trimestre, teremos que seguir atentos ao cumprimento desas medidas de seguridade, e, a nivel académico, manter o nivel de traballo acadado.

É moi importante, coma sempre vos digo, levar o traballo ao día, non só no relativo á realización das tarefas, senón a aprendizaxe dos contidos explicados na aula. Este repaso debería ser previo á realización das actividades, para comprobar se eses contidos están comprendidos e asimilados. Só así ten sentido facer tarefas na casa, de xeito autónomo. Trátase de comprobar se son quen, por si mesmos, de aplicar os coñecementos na resolución das propostas plantexadas nos enunciados.

Non esquezades revisar as correccións das follas antes de arquivalas, e mesmo despois, para corrixir aqueles erros que presentaban e sobre todo, para solventalos no sucesivo. Este trimestre non vai ser posible facer a revisión do arquivador, pero tede en conta igualmente as anotacións persoais que aparecen nel.

Para subsanar despistes que case sempre hai cando chegan a clase, como non traer o estoxo, confundir ou esquecer os libros necesarios ese día,... o meu consello sempre é que fagades cos nenos unha revisión final da súa mochila mellor con eles, e senón unha simple comprobación, para ver que levan todo o necesario. O feito de non traelo supón un desaxuste nas súas follas, esas actividades non poden ser corrixidas con todo o grupo, e ademáis hai que iniciar unha nova folla á marxe da que esqueceron, o mesmo cos libros e co material.

Recordarvos tamén a utilidade da axenda. Esta, xunto co horario, son suficientes para saber que facer e traer cada día.

Teño que referirme de novo á puntualidade. Sobra dicir a necesidade , e obrigatoriedade, de seren puntual. Este curso, como sabedes, a entrada é gradual, os alumnos van accedendo ás aulas segundo van chegando, por iso todavía é máis importante porque hai un marxe desde as 8.45 ás 9 no que os nenos xa se incorporan á clase, anotan o que aparece no encerado e agardamos xuntos a que cheguen todos os compañeiros para poder comezar. É un tempo suficiente que non se pode prorrogar máis, xa é dabondo para que os nenos agarden. O feito de chegar tarde supón un prexuízo para todos, para o que vén e para os que xa estamos traballando, como é fácil comprender.

Con relación ao material, podedes revisar os estoxos para comprobar que os nenos teñen en bo estado os útiles que precisan para o seu traballo.

Respecto ao libro que todos mercamos para unha lectura conxunta, este curso, como non vai ser posible a presenza do escritor, decidimos elixir un libro entre todos os alumnos. Fixéronse propostas por parte deles e logo unha votación. O que saíu elixido foi o seguinte. Fixádevos que sexa en galego, porque tamén hai a versión castelá.

O PEQUENO NICOLÁS

AUTOR: René Goscinny

EDITORIAL: Alfaguara

Se alguén o atopa, pode comunicárllelo ao resto dos pais, para mercalo onde o haxa. Pode ser un bo agasallo nestas datas. Ademais é unha colección, confío en que lles guste tanto que queiran ler todos os libros que a forman!

Nestas vacacións procurade que os nenos descansen e se divirtan, que se entreteñan coas afeccións que cada un ten, e se pode ser que lean e escriban un pouco cada día, sobre o que eles queiran. Á volta poden traelo para corrixir e para ler aos compañeiros, se queren. Sería interesante que fixeran tamén un pouco de cálculo, simplemente das operacións básicas para que non as esquezan, no caso da división por dúas cifras, que a afiancen. Os temas que temos adiantado de Natu e Soci non é preciso que os estuden, prefiro retomalos cando esteamos xuntos, únicamente se queren facer algún traballo creativo sobre os contidos dalgún deles.

Só me resta despedirme de todos vós, cos meus mellores desexos para estas datas, e tamén para o vindeiro ano.

A titora